



## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE FRIOL NO QUE SE ESTABLECEN AS BASES PARA A REFORMA DO CENTRO DE SAÚDE DE FRIOL.

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

- Que o presidente do Servizo Galego de Saúde formalizou co concello de Friol o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que vai desde o día da sinatura ata o día 31/12/2021.

- Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Friol para o financiamento das obras de reforma no centro de saúde de Friol, propiedade do concello.

Segundo se detalla na memoria da área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos, as obras de reforma consistirán en: substitución da carpintería exterior de aluminio, retranqueo do tabique curvo de vidro tipo pavés para mellorar o acceso ás consultas de pediatría e ampliar a sala de espera, reparación de revestimentos vinílicos, revestimento de pintura en zonas deterioradas e substitución de persianas tipo venezianas deterioradas.

- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

- Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta en facilitar unha mellor resposta aos problemas de saúde da poboación, mediante actuacións que permitan mellorar as dotacións e infraestruturas adicadas á atención asistencial á cidadanía no Concello de Friol, faise necesario acometer unha serie de obras de reforma no centro de saúde do citado concello.

- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na "Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, por la que se traspone al ordenamiento jurídico español las Directivas do Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014", ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

